

Un espacio máxico

■ XOSÉ MANUEL FREIRE ■

X. Miranda / A. Reigosa / X. R. Cuba

Contos marabillosos III

Xerais, 1999

57 páxinas. 1.300 Pta.

Contos marabillosos IV

51 páxinas. 1.300 Pta.

A oralidade, como ben di Daniel Pino Vicente, “crea un espacio máxico que se desenvolve cando a xente parola de vagar arredor do lume”, porque antes da lectura, ou da escrita, do que gustou o ser humano foi de que lle (nos) contasen historias, oír contos co lume como foco de xuntanza e imán da morneza da palabra, que esmorece coa chegada da luz eléctrica. Antonio Fraguas dicía que Galicia deixara de cantar no ano 1936, co inicio da Guerra Civil. Pero o canto, as adiviñas e os contos son os abandeirados da tradición oral. No limiar do libro de Buenaventura Aparicio Casado *A tradición oral en Poio* sinálase que a dita tradición está en pleno proceso de esnaquizamento. Se tal é certo, salvar boamente da desfeita todo aquilo que poidamos e, sobre todo, sistematizar e estudar este *corpus* á luz de novas teorías antropolóxicas é o que cómpre facer: algo que, precisamente, coincide cos obxectivos da colección Cabalo Buligán, de Edicións Xerais, que acaba de poñer no mercado o terceiro e cuarto volume, cun total de seis contos marabillosos –tres en cada libro–, antes de que estean afectados polo rápido e crecente proceso da transformación dos usos e dos costumes sociais.

Galicia era abundosa en oralidade, como amosa a visión totalizadora do mundo, a cosmovisión mediante a expresión simbólica, a proxección dos problemas e inquietudes do pobo reflectidos nos temas transcendentales dos seus contos: a vida e a morte; o ben e o mal; a saúde e a enfermidade; a pobreza e a riqueza; a felicidade e a desgracia... todos eles acreditados nos seis contos dos dous volumes que hoxe comentamos: “O cabalo Buligán”, “O mozo que non sabía como era o medo”, “O demo na mochila”, “Conto da moza e o lagarto”, “O criado do cego” e “A árbore das tres laranxas”.

O agasallo que supoñen estes dous volumes débese ó traballo de investigación, reelaboración, adaptación e escrita feitos por Xosé Miranda (premio Xerais con *Morning Star*), Antonio Reigosa (premio Merlín) e Xoán Ramiro Cuba, que manteñen a mesma estrutura para cada un dos dous libros, cunhas notas ó final de cada conto onde atopamos a explicación da súa procedencia, xénese, tipoloxía, localizacións, versións, bibliografía... ademais da súa relación e conexión con contos semellantes no conxunto español, en Europa... e procurando a súa presenza en autores clásicos (Lope de Vega), para levar adiante, asemade, un imporante rescate da lingua: xiros, léxico. A todo iso temos de engadir, aínda, as ilustracións de Fina Lorenzo e Rocío Martínez, que embelecen e dignifican os libros, situando a produción e creación da literatura galega nunha verdadeira primeira liña.

O conto de transmisión oral presenta unhas características de seu que convén ter en conta para valorar positiva e axeitadamente o traballo realizado en Cabalo Buligán. Así, vemos que se trata de relatos con tendencia á brevidade e mais á multiplicidade de versións, como consecuencia do paso do tempo. Así mesmo, asistimos a un prescindir dos aspectos descritivos e psicolóxicos dos personaxes, para centrarnos na acción; non se rexistra unha localización precisa espacio-temporal e os protagonistas poden ser anónimos, donos dun nome propio ou tamén coñecidos polo seu cargo e/ou oficio (príncipe, rei, ferreiro...). A partir do século XVII, coa recreación de contos populares, podemos comprobar cómo se rexistra un axeitamento ós gustos da época, xurdindo autores como

Perrault, que suavizará os relatos, prescindindo dos aspectos sexuais e/ou escatolóxicos. Todo isto fai dificultoso abondo rexistrar a orixe e, polo tanto, o fornecemento das narracións débese a un meticuloso traballo de campo, buscando no lugar preciso da memoria onde fican gravadas as cousas inesquecibles, ademais da peneira bibliográfica con autores como L. Carré Alvarellos, V. Risco, H. Harguindey ou X. M. González Reboredo.

A colección Cabalo Buligán, pois, é un paseo pola imaxinación; un paseo inzado de elementos sobrenaturais: cabalos e lagartos que falan, encantamentos, homes á procura do medo.... En fin, un convite de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba para o feiticeiro e engaiolante mundo da palabra falada.

■ Xosé Manuel Freire é crítico literario

Revistas

Animal, animal

■ XOSÉ RAMÓN PENA ■

Animal

Revista cultural para todas as especies

Nº 7

Positivas, 1999

48 páxinas. 500 Pta.

BICA e morde”. Con esta expresiva mensaxe inicia, precisamente, *Animal* –“Revista cultural para todas as especies” (¿silvestres?, ¿domésticas tamén?; difícil isto último)– a súa andaina número sete. Certamente, toda unha declaración de principios á vista, claro é, dos materiais incluídos neste novo número que, como sempre, pon na rúa –digo, nas librerías e quioscos– Edicións Positivas.

E comeza *Animal* o seu camiño cunha breve colectánea de opinións –Eloi Caldeiro, Fernando Luaces, Miguel Fernández Taboada, Xosé Paz Antón– arredor da *situación* pola que, seica, está a atravesar, agora mesmo, a música galega: un momento de especial inspiración e relevo, a xulgar polos recentes éxitos dalgúns intérpretes, pero un momento discutible, se nos acolleemos, mentres, a algunhas das opinións aquí vertidas (tal é o caso, por exemplo, de Eloi Caldeiro, quen, expresivamente, sinala: “Diríamos que é un negocio do que tenta tirarse o maior beneficio posible, sen moitos máis miramentos”). En fin, unha temática que se presta, especialmente, para a discusión e mais a controversia (e se non fose *negocio*, ¿podería existir –pregúntase un, sen *mollarse* moito– iso mesmo: a “música galega”?) e que, oxalá, dea aínda para máis polémica, porque será sinal de que estamos vivos e presentes neste planeta.

E continúa a revista o seu percorrido coas preguntas a e respostas de todo un “poeta maldito, maldito poeta”, ben coñecido –¿ou non?– por todos os minimamente interesados no mundo da literatura –e da literatura concibida para alén da simple lectura individual, acaso egoísta, dos textos en verso–, como é o caso de Carlos Oroza, “o poeta cos ósos de goma”, como el mesmo se definiu nunha ocasión. escoitar –ler, neste caso– a Oroza sempre resulta, ó tempo, divertido, desacougante, estraño e, tamén, un exercicio de lucidez –é dicir: obriga á lucidez– porque, sen dúbida, estamos diante dun caso ben singular e, desde logo, dun labor indiscutible, dun personaxe indiscutible no mundo das letras.

Pero *Animal*, fiel ó seu lema e á súa propia tradición, muda axiña de xeitos e de temáticas: e así veñen logo dous traballos:

“O bacallao” e mais “A cereixal”, que nos introducen noutros dous mundos diferentes: o primeiro, unha breve reportaxe arredor dun mundo –queixábase Cunqueiro– que non deu desta parte do Miño a mesma variedade que da outra, onde “presumen de ter unha receita diferente de bacallao para cada día do ano”. Canto á segunda, introdúzanse, pois, os lectores nas diferencias entre a *francesa*, a *burlat* ou a *summit* e gocen/relouquen de dozura.

¿E que máis aínda? Pois, por exemplo, “Literatura cachonda”, o traballo asinado por Franck Meyer arredor da figura e mais da obra de Rolf Dieter Brinhamann (1940-1975), autor, entre outros, de volumes como *Die Piloten* (1968) ou *Gras* (1980). Por exemplo, tamén, as dúas páxinas dedicadas á banda deseñada, que, desta volta, ocupa Henrique Torreiro (Ourense, 1972) co seu traballo titulado “Vanitas”. Ou, tamén, as referencias a *Na gaita* –revista de música folk e tradicional– e *Bambán* –que celebra xa o seu número 16, ó que se unen tres CD, tras cinco anos de vida “con respiración asistida e transfusións”, segundo explica, iso si, oportunamente a pé de páxina Xosé Manuel Freire.

¿Timor Leste? ¿En realidade, tan lonxe? En realidade, moi preto –por máis que xoguemos a non ver, nin oír e, sobre todo, calar, sempre calar– como recorda Roberto Abuín, traductor de textos procedentes da *Cantolenda maubere*, de Fernando Sylvan. “Cara ao señor lexislador da lei de estupefacientes” (1925), de Antonin Artaud, parece –¡paradoxos da historia!– estar escrita onte, hoxe mesmo. Polo tanto, todo un acerto de *Animal*. Como acertado será sempre un final no que se invita a seguir cuestionando o papel do artista mesmo e a súa relación “coa dinámica do poder dentro da sociedade contemporánea”. En fin; sete números de *Animal*, sete. E sete parabéns, sete, desde este inicio de século, milenio ou da continuación da nada da nada, que ninguén sabe. Benvida sexa, sempre, a frescura.

■ Xosé Ramón Pena é narrador, ensaísta e profesor de Lingua e Literatura galegas